

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e oito de setembro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 20 de setembro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Hidroeléctrica del Arnego S.L.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 4 de abril de 2022 (RE-E núm. 159), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	HIDROELÉCTRICA DEL ARNEGO S.L.
CIF	██████████

DOMICILIO SOCIAL	AGOLADA
REPRESENTANTE	MANUEL JESÚS BLANCO JORGE
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	LIÑA ELÉCTRICA DE BAIXA TENSIÓN
LUGAR	VILARAVIDE
PARROQUIA	SAN CRISTOVO DO AZ
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
REFª CATASTRAL PARCELAS	36047A002002580000PA / 36047A002002600000PW / 36047A002002610000PA / 36047A002002620000PB 36047A002002630000PY / 36047A002002640000PG / 36047A002002650000PQ / 36047A002002660000PP 36047A002002670000PL / 36047A002002680000PT / 36047A002002690000PF / 36047A002002700000PL 36047A002002710000PT / 36047A002002720000PF / 36047A002002730000PM / 36047A002002740000PO 36047A002002750000PK / 36047A002002760000PR / 36047A002002770000PD / 36047A002002780000PX 36047A002002790000PI / 36047A002002800000PD / 36047A002002810000PX / 36047A002002850000PS 36047A002002860000PZ / 36047A002002870000PU / 36047A002002890000PW / 36047A002002900000PU 36047A002002910000PH / 36047A002003430000PX / 36047A002002940000PB / 36047A002002950000PY 36047A002002930000PA / 36047A003003330000PB
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don César Méndez Lorenzo – visado colexial núm. ██████████, de data 24/03/22)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	21.126,40 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) MES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 26/09/22)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 26/05/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CATROCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (422,52 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

— Paz García Abelairas

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 14 de setembro de 2021 (RE-E núm. 312), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	PAZ GARCÍA ABELAIRAS
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE CALQUE, PARROQUIA DO SALTO

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN
REFERENCIA CATASTRAL PARCELA	36047A008000860000PA

LUGAR	CALQUE
PARROQUIA	O SALTO
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DO 14/10/19)
TRÁMITE AMBIENTAL	SI (DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DE DATAS 30/09/19 E 11/10/19 – EXPTEs. NÚM. [REDACTED])
REGA	[REDACTED]
CAPACIDADE	160 UGM

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra asinada pola enxeñeira técnica agrícola Dona Marisa Portomeñe Pérez (visado colexial núm. [REDACTED], do 29/06/21) e documentación complementaria asinada dixitalmente en data 06/07/22.
- Acta de comprobación favorable de data 21/09/22.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Gandaría da Consellería do Medio Rural en Pontevedra para a súa constancia e aos efectos oportunos.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 20 de setembro de 2022 (RE-E núm. 456), coas seguintes características:

DATOS DO ANTERIOR TITULAR

DENOMINACIÓN SOCIAL	DIÉGUEZ PAZ S.C.
CIF	████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE PERROS, PARROQUIA DA PORTELA
REPRESENTANTE	CÉSAR DIÉGUEZ DOVAL
DNI	████████

DATOS DO NOVO TITULAR

DENOMINACIÓN SOCIAL	OS FERREIROS S.C.
CIF	████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	PABLO JORGE MAZAIRA
DNI	████████

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	NAVE DE PORCINO E FOSA DE XURRO
LUGAR	PESCOSO
PARROQUIA	SANTA MARIÑA DE PESCOSO
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A044002160000PU
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DO 19/07/17)
TRÁMITE AMBIENTAL	SI (DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DE DATA 28/12/15 – EXPTE. NÚM. ██████████)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obrigación legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

5.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL QUE DESCORRE ENTRE AS PARROQUIAS DO SALTO E VILELA”, INCLUÍDA NO PLAN MARCO 2022-2023 E NO PLAN CONCELLOS 2022 (EXPEDIENTE NÚM. PAS-O 3/2022)

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL QUE DESCORRE ENTRE AS PARROQUIAS DO SALTO E VILELA”, na reunión celebrada o día 19 de setembro de 2022, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.	██████	122.576,75 €	9,53	4 SEMANAS	40	49,53
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	██████	121.649,37 €	12,75	4 SEMANAS	40	52,75
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	108.039,48 €	60,00	4 SEMANAS	40	100,00

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	100,00
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	██████	52,75
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.	██████	49,53

2º.- O licitador proposto Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido na cláusula 18ª.1 do prego (RS-E núm. 309, do 19/09/22).

3º.- Con data 21 de setembro do corrente (RE núm. 1525 e RE-E núm. 459) dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- ✓ Garantía definitiva por importe de 4.464,44 €, mediante seguro de caución da entidade ASEFA S.A. SEGUROS Y REASEGUROS,

estendido con data 19/09/22 (certificado de seguro núm. [REDACTED]).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL QUE DESCORRE ENTRE AS PARROQUIAS DO SALTO E VILELA” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.

CIF: [REDACTED]

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: [REDACTED]

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 89.288,83 €

IVE: 18.750,65 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Cento oito mil trinta e nove euros con corenta e oito céntimos (108.039,48 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Terceiro.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Cuarto.- Designar á enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso como directora facultativa da obra, e a Dona María Elena Somoza Calviño como coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Elsa González Gallego, traballadora laboral do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa por incapacidade laboral (IT), derivada de enfermidade común, con data 26 de setembro do corrente. Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación urgente dun/ha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2022, establecida no artigo 20.Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urgente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. Porén, o Sr. alcalde manifesta que non se considerou aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio

da prestación do servizo. Asemade, constata as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas interinidades ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación de Dona LOURDES NOEMÍ COLLANTE ZELADA, con DNI núm. [REDACTED], como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato de substitución a tempo completo (37,5 horas/semana), ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora Dona Elsa González Gallego.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- DISTRIBUCIÓN DO SEGUNDO REPARTO DA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE ALIMENTOS 2022, PROCEDENTES DE EXCEDENTES DA UNIÓN EUROPEA

VISTO o informe-proposta realizado pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, en data 21/09/22, para a concesión e distribución do segundo reparto da primeira fase do Plan de alimentos 2022, procedentes de excedentes da Unión Europea e xestionados pola Cruz Vermella Española, entre catro (4) unidades familiares do Concello que se atopan nunha situación económica precaria e cumpren cos requisitos de acceso establecidos nas correspondentes Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 20 de febreiro de 2013. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda aprobar a devandita proposta e o reparto dos alimentos cedidos entre as familias necesitadas.

8.- CONCESIÓN DA QUINTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2022

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 25 de febreiro do corrente, foi solicitada á

Deputación de Pontevedra a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para gastos correntes e DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 24/02/22. Con data 18 de abril do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello a axuda solicitada (RE núm. 622, do 22/04/22).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez con data 27/09/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a quinta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor da veciña que deseguido se relaciona e coas contías e destinos que se especifican:

Gastos correntes

BENEFICIARIA	NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	180,00 €	Pagamento de gastos de aluguer.
██████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	90,00 €	Apoio á infancia (material escolar).

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % da axuda concedida.

Terceiro.- O gasto subvencionado debe ser efectuado con anterioridade ao día 31 de decembro de 2022. A beneficiaria deberá presentar as facturas ou xustificantes do gasto polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2023. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro da axuda outorgada ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade da cantidade anticipada, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

9.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Comisión de festas da parroquia de Negrelos

VISTO o escrito presentado por Don DIEGO CALVIÑO NEIRA, veciño do lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos (RE núm. 1539, do 23/09/22), polo que, na representación da Comisión de festas da parroquia de San Cibrao de Negrelos, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 17 e 18 de setembro do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €).

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ASPY PREVENCIÓN S.L.U. 450,00 €
Por recoñecementos médicos a empregados/as municipais, s/factura núm. 2022089481.
- SYMATEC S.L. 2.571,25 €
Por servizo de limpeza de dependencias municipais no mes de xuño de 2022, s/factura núm. 657 – (*reparo de Intervención levantado polo alcalde por Resolución de data 23/09/22*).
- COSAPLAG S.L.U. 308,55 € E 308,55 €
Por tratamentos de desinfección do Centro de Saúde, s/facturas núm. 20222327 e 20222328.
- TALLERES JEYMA RODEIRO S.L. 267,66 €
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. A/129.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 565,07 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 54/22.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 70,18 €
Por traballos de fontanería na Casa do Concello, s/factura núm. 56/22.

- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 352,11 €
Por traballos de fontanería nos lugares de Rubiás e Rodeiro, s/factura núm. 55/22.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 1.928,82 €
Por diversas reparacións nos camións de recollida do lixo, s/factura núm. C 9525.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.269,87 €
Por subministro de combustible aos camións de recollida do lixo no mes de agosto de 2022, s/factura núm. FA – 1695.
- ODAIKO KREA S.L. 6.836,50 €
Por servizo de xerador, son, iluminación e escenario móbil para actividade do MUSIGAL, s/factura núm. 148 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 126,11 €
Por analítica de salubridade da auga da piscina municipal, s/factura núm. 20222386 (FACe).
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 3.599,75 €, 3.690,50 € E 338,80 €
Por traballos de acondicionamento de camiños e espazos públicos en diversos lugares do Concello, s/facturas núm. 8/2022, 9/2022 e 10/2022.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)